

**Proposta de Resolución Provisional de 22 de xuño de 2017 pola que se seleccionan provisionalmente ás empresas beneficiarias a participar na segunda edición do programa Agrobiotech Innovación.**

Mediante Convocatoria do Parque Tecnolóxico de Galicia publicada o 5 de maio de 2017 na súa páxina web e na web agrobiotech.gal establecéronse as bases reguladoras para a selección de Pemes na primeira edición do programa Agrobiotech Innovación.

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, ampliado mediante resolución ata o 7 de xuño de 2017, e o prazo de emenda de defectos detectados nas mesmas, e avaliadas as solicitudes presentadas polo Comité Técnico de acordo cos requisitos de admisión de candidaturas así como cos criterios de valoración dos beneficiarios establecidos nas bases da convocatoria, elevouse por parte do Comité Técnico o seu informe técnico de 21 de xuño no que se recolle a puntuación acadada polas 20 empresas que cumpriron cos requisitos e presentaron a documentación en prazo para participar na primeira edición do programa Agrobiotech Innovación. Achégase como **Anexo I** a relación destas 20 empresas e a súa puntuación.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Propoñer provisionalmente a selección das 10 Pemes que acadaron maior puntuación e que se identifican no **Anexo II** desta proposta de resolución provisional para a súa participación na segunda edición do programa Agrobiotech Innovación convocado por Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

**Segundo.-** Inadmitir as solicitudes presentadas polas entidades que se relacionan no **Anexo III** desta proposta de resolución provisional, por non cumprir cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

**Terceiro.-** Notificar esta proposta de resolución provisional ás empresas interesadas.

**Cuarto.-** Conferir trámite ás dez Pemes propostas provisionalmente como seleccionadas para participar no programa Agrobiotech Innovación para que comuniquen a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de tres días naturais contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación da proposta de resolución provisional.

Conforme ao sinalado nas bases da convocatoria, entenderase outorgada a aceptación do interesado á súa participación no programa en caso de ausencia de resposta (aceptando ou renunciando á proposta) no prazo sinalado.

**Quinto.-** Solicitar ás Pemes propostas provisionalmente como seleccionadas para participar no programa Agrobiotech Innovación, para que remitan o Anexo II das bases da convocatoria debidamente cuberto e asinado en orixinal, sendo a data límite de presentación o vindeiro **martes 27 de xuño**

de 2016 ás 14 horas no seguinte enderezo:

Parque Tecnolóxico de Galicia,S.A.

Parque Tecnolóxico de Galicia - Edificio CEI


32900 San Cibrao das Viñas (Ourense)

A non presentación en tempo e forma da devandita documentación facultará ao Parque Tecnolóxico de Galicia para excluír a candidatura provisionalmente seleccionada da condición de beneficiario no programa, en beneficio doutra candidatura, no seu caso.

**Sexto.-** Unha vez presentados o Anexo II das bases da convocatoria por parte das Pemes provisionalmente seleccionadas, e tralo análise e avaliación dos mesmos, procederase á aprobación da Resolución Definitiva de selección das empresas beneficiarias a participar na segunda edición do programa Agrobiotech Innovación, que será comunicada aos interesados.

As Pemes definitivamente seleccionadas como beneficiarias do programa Agrobiotech Innovación terán as obrigas establecidas na base 5 das bases reguladoras da convocatoria.

San Cibrao das Viñas, 22 de xuño de 2017



D<sup>a</sup>. Patricia Argerey Vilar

Vicepresidenta e Conselleira-Delegada

Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

### Anexo I

Clasificación	Entidade	NIF	Sector	Provincia	Puntuación
1	ALLGENETICS & BIOLOGY SL	B70306840	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	90
2	QUBIOTECH HEALTH INTELLIGENCE, S.L.	B70437959	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	87
3	GLOBAL AND ECOFRIENDLY NATURAL EXTRACTS, S.L.	B32444325	AGROALIMENTARIO	Ourense	85
4	FIABLONE SL	B27790609	AGROALIMENTARIO	Pontevedra	75
5	BIOSTATECH, ADVICE, TRAINING & INNOVATION IN BIOSTATISTICS, S.L.	B70326459	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	74
6	QUEIXERÍA PRESTES S.L.	B27364199	AGROALIMENTARIO	Lugo	73
7	INDROPS LABORATORIO DE ANALISIS Y CALIDAD MEDIAMBIENTAL S.L.	B70318589	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	72
8	XENOTECHS LABORATORIOS, SL	B70116330	AGROALIMENTARIO	Lugo	68
9	BIOMASA FORESTAL, SL	B70055074	BIOMASA	A Coruña	67
10	VEIGAS DE SABUGUEIRO SL	B32332827	AGROALIMENTARIO	Ourense	67
11	MD. USE INNOVATIONS SL	B70455605	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	66
12	MOSQUERA VILLAVIDAL, S.L.	B32117764	BIOMASA	Ourense	58
13	ONEGA ARES SL	B27310556	AGROALIMENTARIO	Lugo	58
14	RESETEA GESTIÓN RESPONSABLE	B27805985	AGROALIMENTARIO	Pontevedra	56
15	LA ESPIRAL VERDE S.L. (EN CONSTITUCIÓN)	B27796309	BIOTECNOLOGÍA	Pontevedra	54
16	ADEGAS TERRA DE ASOREI SL	B94126646	AGROALIMENTARIO	Pontevedra	48
17	TERRAS DA MARIÑA S. COOP. GALEGA	F27453844	AGROALIMENTARIO	Lugo	48
18	COOP. DE PRODUCTORES DEL CAMPO DE CAPELA	F15017007	AGROALIMENTARIO	A Coruña	47
19	FINARREI S L,	B32206245	AGROALIMENTARIO	Ourense	44
20	SDAD COOP AGRARIA CONDADO PARADANTA	F36277747	AGROALIMENTARIO	Pontevedra	32

## Anexo II

Empresas propostas como beneficiarias:

Clasificación	Entidade	NIF	Sector	Provincia	Puntuación
1	ALLGENETICS & BIOLOGY SL	B70306840	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	90
2	QUBIOTECH HEALTH INTELLIGENCE, S.L.	B70437959	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	87
3	GLOBAL AND ECOFRIENDLY NATURAL EXTRACTS, S.L.	B32444325	AGROALIMENTARIO	Ourense	85
4	FIABLONE SL	B27790609	AGROALIMENTARIO	Pontevedra	75
5	BIOSTATECH, ADVICE, TRAINING & INNOVATION IN BIostatISTICS, S.L.	B70326459	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	74
6	QUEIXERÍA PRESTES S.L.	B27364199	AGROALIMENTARIO	Lugo	73
7	INDROPS LABORATORIO DE ANALISIS Y CALIDAD MEDIAMBIENTAL S.L.	B70318589	BIOTECNOLOGÍA	A Coruña	72
8	XENOTECHS LABORATORIOS, SL	B70116330	AGROALIMENTARIO	Lugo	68
9	BIOMASA FORESTAL, SL	B70055074	BIOMASA	A Coruña	67
10	VEIGAS DE SABUGUEIRO SL	B32332827	AGROALIMENTARIO	Ourense	67



### Anexo III

Empresas excluídas:

nº	Empresa	NIF	Motivo exclusión
1	LINKNOVATE SCIENCE	B70409628	Non pertenza aos sectores obxectivo
2	XOSÉ GARCÍA FREIRE	34268819S	Non presentación memoria en prazo
3	COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DE A CORUÑA SCG	F15000177	Non presentación memoria en prazo
4	LEADING SMART HEALTH TECHNOLOGY	B70400882	Non presentación memoria en prazo

